



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ANEXO

BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL DO PROGRAMA PARA A FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026)

O Concello de Abegondo solicitou unha subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ao abeiro da orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) / (DOG núm. 24 do xoves, 5 de febreiro de 2026) a través da que se financiarán, tendo en conta os límites máximos establecidos no artigo 5, os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, derivados da contratación de persoas traballadoras desempregadas para desenvolver a actuación denominada "Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo". (Programa GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO, convocatoria para o exercicio 2026).

O antedito programa RURA ACTIVO ten por obxecto e está destinado "ao **financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais** de Galicia de menos de 50.000 habitantes, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral (código de procedemento TR351G).

As ditas persoas realizarán tarefas relacionadas, maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa".

Por medio dun escrito do 21/04/2026 asinado polo director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na Coruña (Expte:TR351G-2026-000000066-01) con R.E no Concello de Abegondo núm. 202600000000890 do 21/04/2026, resólvese "conceder unha subvención ao Concello de Abegondo por importe de de 110.065,24 euros, equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para a obra/servizo obxecto da solicitude nos termos expresados na consideración segunda desta resolución".

Concretamente, contrataranse baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo a tempo completo por un período de **9 meses**, un total de **6 persoas desempregadas**, (5 peóns/peoas forestais e 1 persoa coordinadora) para a realización ou desenvolvemento a obra ou servizo denominada "**Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo**" (Programa RURAL ACTIVO 2026).

Polo tanto, para desenvolver este proxecto é necesario cubrir as prazas necesarias para realizar a actuación prevista conforme a memoria presentada á antedita Consellería no momento de realizar a solicitude da subvención. As tarefas ou actuacións que se pretenden realizar son as que se reflicten no Anexo II da antedita orde de convocatoria (Memoria da obra ou servizo) e na memoria asinada polo axente de emprego e desenvolvemento local deste termo do día 02/03/2026, que serviu de base á solicitude da subvención. Nesta memoria, denominada "Traballos de silvicultura e xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo", descríbense as actuacións, que concretan as obras ou servizos que se realizarán e e consiste na posta en marcha de distintas actuacións relacionadas coa utilidade colectiva. Concretamente, as persoas desempregadas que se contraten levarán a cabo traballos de mantemento, conservación e mellora de áreas, terreos ou espazos públicos do Concello de Abegondo mediante a realización de tarefas preventivas de limpeza, de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal.

Isto farase a través de contratos laborais temporais vinculados ao devandito programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, ou simplemente Rural Activo 2026, por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto da contratación. Os contratos realizaranse a tempo completo e terán unha duración de 9 meses.

A convocatoria deste proceso selectivo refírese ás seguintes **prazas**:

Contratatación de 6 persoas traballadoras en situación de desemprego para desenvolver a actuación denominada *Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo* (Programa RURAL ACTIVO 2026):



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Prazas:

- 5 peóns/peoas forestais / grupo de cotización 10
- 1 enxeñeiro/a de montes (coordinador/a) / grupo de cotización 1

Para este proceso selectivo serán de aplicación as seguintes bases:

1. Conforme a natureza da bases do Programa RURAL ACTIVO 2026 (Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) / (DOG núm. 24 do xoves, 5 de febreiro de 2026) e máis concretamente segundo o establecido no **artigo 14 relativo aos “Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras”**, e especificamente no **apartado 1** “As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polas que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego. “

2. Segundo o disposto no **parágrafo 4 do citado artigo 14** da orde de convocatoria “As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que se necesiten mediante a **presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego**, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións –CNO–, de conformidade cos seguintes principios xerais ...” (...)

O **apartado 5** deste artigo sinala que “Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das súas características, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das remitidas.”

Por último, o **apartado 8** establece que “As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego”.

Pola tanto, e para cumprimento co previsto nos parágrafos anteriores e actuar conforme os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación, o Concello realizará a correspondente **oferta de emprego** logo de publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) o anuncio da aprobación das bases de selección e da presentación da oferta para a preselección das persoas candidatas para as 6 prazas convocadas.

3. Procedemento de selección: concurso-oposición, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo.

Trátase dun procedemento especial ou singular, xa que, tal e como se establece no artigo 14 da ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) / (DOG núm. 24 do xoves, 5 de febreiro de 2026) , as persoas candidatas ás prazas convocadas virán determinadas pola presentación da/s oferta/as na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

4. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes **requisitos xerais** conforme o artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 do 31 de outubro de 2015):

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Posuír a titulación esixida.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

5. Por outra banda, e tal e como se sinalou anteriormente, conforme o previsto no artigo 14 da orde de convocatoria do 22 de xaneiro de 2026, as persoas que participen no proceso selectivo deberán ser necesariamente demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (neste caso concreto as persoas demandantes de emprego relacionadas nos listados que achegará a oficina do SPE en contestación ás ofertas presentadas). Esta circunstancia acreditarase presentando a **tarxeta de inscrición no SPE**.

Tal e como se recolle no **apartado 6 do citado artigo 14**, "terán preferencia as persoas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

- Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Persoas trans.
- Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. “

6. No caso de presentarse varios/as candidatos/as para os respectivos postos, serán propostos/as polo tribunal e posteriormente nomeados/as polo alcalde, os/as candidatos/as que obteñan unha maior puntuación no concurso-oposición, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para os postos de traballo. Para estes efectos requiriráselles ás persoas candidatas a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza, por medio da documentación orixinal ou copia auténtica.

7. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

A realización de cursos acreditarase mediante a achega ou presentación dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

Por último, a acreditación do tempo traballado, realizarase mediante a achega de certificado de empresa acreditativo ou copia dos contratos de traballo e a través de certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social ou, no seu caso, do colexio profesional que corresponda.

8. As instancias presentarase acompañadas do DNI. Así mesmo, presentarase a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para as prazas convocadas no apartado correspondente destas bases. Tamén se achegará a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse preferentemente no rexistro municipal en horario de 9.00 h. a 14.00 h. - ou a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>) ou ben mediante algún dos procedementos que regula o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas publicada no BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015 (neste caso, o mesmo día da solicitude, enviarase unha comunicación a este mail do Concello: adl@abegondo.gal dentro do prazo de presentación), no prazo de 3 días naturais que se contarán dende o día seguinte a aquel no que a persoa candidata reciba comunicación por parte do Concello de que está incluído na relación enviada polo Servizo Público de Emprego (oficina de emprego de Betanzos) en contestación das ofertas presentadas. Poderá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustifícase que se realice a comunicación telefonicamente ou por mail. Para aqueles casos nos que non se contacte con algunha das persoas candidatas, bastará un informe dun técnico responsable que acredite esta circunstancia.

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión das persoas candidatas, como a correspondente aos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou copia auténtica, se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento de cada unha das persoas candidatas comprobarase fidedignamente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

Polo tanto, e tendo en conta o indicado no parágrafo anterior, o tribunal admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a proba práctica, poderá habilitar un período para a emenda da documentación. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá emendar a documentación relativa aos méritos.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>) a **relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas** e anunciará o **lugar, día e hora no que terá lugar a/s proba/s ou o exercicio/s práctico/s** que deberán realizar todos/as os/as concursantes admitidos/as e que terá carácter **eliminatório**.

9. A valoración de méritos das persoas candidatas presentadas nos apartados de experiencia e formación, realizarase con posterioridade á realización da/s proba/s ou exercicio/s práctico/s.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Unha vez realizadas as probas prácticas eliminatorias valoraranse os méritos de todos/as os/as candidatos/as que as superen. Do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior publicárase tanto o resultado das probas prácticas como a puntuación relativa aos méritos acadados polas persoas candidatas que superaron o/s exercicio/s práctico/s.

10. Proba/s ou e exercicio/s práctico/s: Por tratarse, ben sexa de prazas correspondentes a persoal de oficios ou ben de tarefas técnicas e de coordinación das actuacións a desenvolver e do equipo de traballo, realizaranse un ou varios exercicios prácticos eliminatorios relacionados coas funcións obxecto das prazas a cubrir.

Posibilitarán valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo das técnicas, métodos e dos medios que se utilizarán nos respectivos postos de traballo

Para a realización de cada unha das probas ou exercicios prácticos, dispórase dun período máximo de 30 minutos. Puntuaranse segundo se indica no apartado 15.E). Cualificarase como non apto a quen non obteña a puntuación mínima.

11. No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (neste caso **celga 2 ou equivalente ou celga 3** no caso da praza de enxeñeiro/a de montes, coordinador/a), as persoas candidatas non serán excluídas por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba ou exame oral, e que se realizará no mesmo acto, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificada como non apta, a persoa candidata quedará automaticamente excluída.

En todo caso, por razóns de urxencia e ante a necesidade de poñer en marcha dun xeito inmediato as obras e servizos que forman parte da actuación a desenvolver, denominada "Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo", vinculados ao Programa RURAL ACTIVO 2026, poderanse concentrar nun solo acto as diferentes probas selectivas.

12. Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas):

Para as prazas de peóns/peoas forestais /5 prazas

Presidente.

Titular: Alberto Manteiga Díaz
Suplente: José Manuel Rodríguez Costa

Vogal 1.

Titular: Francisco Javier Cabanas Lozano
Suplente: Iván Sánchez Gómez

Vogal 2.

Titular: M^a Jesús González Ulloa
Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Secretario.

Titular: José Antonio Varela Doval
Suplente: Adrián J. Márquez Caramés

Para as praza de enxeñeiro/a de montes (coordinador/a) / 1 praza

Presidente.

Titular: José Manuel Rodríguez Costa
Suplente: M^a Beatriz Fernández Vázquez

Vogal 1.

Titular: M^a Isabel Manteiga Moar
Suplente: M^a del Mar Carro López



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Vogal 2.

Titular: M^a Jesús González Ulloa
Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Secretario.

Titular: José Antonio Varela Doval
Suplente: Adrián J. Márquez Caramés

Poderanse nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o corresponde informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

13. Contratacións Non se efectuarán as contratacións ata que cada unha das persoas candidatas propostas polo tribunal, presente, no prazo de 2 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.
- Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa proposta para a súa contratación, o Concello poderá substituíla polas seguintes persoas candidatas da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

14. En todo o que non se recolla nas presentes bases e na devandita Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) / (DOG núm. 24 do xoves, 5 de febreiro de 2026) será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local.

15. A) PRAZAS OFERTADAS

PROXECTO: "Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo Abegondo"

Este proxecto ten por obxecto a realización dun conxunto de pequenas actuacións relacionadas coa utilidade colectiva, a través da realización de traballos relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa. Para a súa execución, contrataranse 6 persoas traballadoras en situación de desemprego (5 peóns/peoas forestais e 1 enxeñeiro/a de montes, coordinador/a)

a. Prazas

Polo tanto as prazas ofertadas son 6:

- 5 peóns/peoas forestais (grupo de cotización 10)
- 1 enxeñeiro/a de montes, coordinador/a (grupo de cotización 1)



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

b. Titulación mínima :

- **5 peóns/peoas forestais:** Non se precisa titulación, polo que será suficiente con que presente o certificado de escolaridade ou o certificado de estudos primarios, que poderá substituírse en última instancia por unha declaración xurada na que o candidato/a indicará que estivo escolarizado/a.
- **1 enxeñeiro/a de montes, coordinador/a:** titulación universitaria (enxeñería de montes)

Tal e como se indicou, a titulación mínima para acreditar o **coñecemento do idioma galego** sera a seguinte: celga 2 ou equivalente no caso dos/as peóns/peoas forestais e Celga 3 ou equivalente no caso do/a enxeñeiro/a de montes.

c. Duración do contrato:

O contrato terá unha duración de **9 meses**, vinculado ao devandito programa Rural Activo 2026 para desenvolver as actuacións recollidas na devandita memoria denominada "Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo".

As datas previstas do contrato son as seguintes: do 01/07/2026 ao 31/03/2027

d. Retribucións:

As retribucións axustarase á axuda solicitada ao Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) / (DOG núm. 24 do xoves, 5 de febreiro de 2026) e a Resolución do 21/04/2026 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (R.E no Concello de Abegondo núm.202600000000890 do 21/04/2026), de concesión dunha subvención ao Concello de Abegondo (Expte:TR351G-2026-000000066-01), a través da cal se financiará, tendo en conta os límites máximos establecidos no artigo 5 da antedita orde de convocatoria do 22 de xaneiro de 2026 a contratación das seis persoas traballadoras.

As retribucións que percibirán as persoas traballadoras recóllense no certificado asinado polo secretario do Concello de Abegondo o día 05/03/2026, conforme co establecido no artigo 8.1.b da devandita orde de convocatoria e que se achegou coa solicitude de subvención. Concretamente, os salarios brutos son os seguintes:

5 peóns/peoas forestais (G.C 10): 1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras *

1 Enxeñeiro/a de montes, (coordinador/a): 2.104,88 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras *

(*). Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización. O salario é o correspondente a a unha xornada a tempo completo (100% da xornada).

e) Características dos contratos:

Peóns forestais (5)

-Tipo de contrato: contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), Conforme o indicado no artigo 15 da orde de convocatoria do 22 de xaneiro de 2026 e na Resolución de concesión da subvención (Expte: TR351G-2026-000000066-01)

-Grupo de cotización: 10

-Coeficiente: 1,000

-Tipo de xornada: tempo completo (405), cun total de 40 horas semanais

-Ocupación: letra d)

-CNAE 2009 (8411)

-Duración do contrato: do 01/07/2026 ao 31/03/2027

-Retribucións brutas mensuais:1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras (SMI para 2026)





CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Enxeñeiro/a de montes, (coordinador/a):

- Tipo de contrato: Contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), Conforme o indicado no artigo 15 da orde de convocatoria do 22 de xaneiro de 2026 e na Resolución de concesión da subvención (Expte: TR351G-2026-000000066-01)
- Grupo de cotización: 1
- Coeficiente: 1,000
- Tipo de xornada: tempo completo (405), cun total de 40 horas semanais
- CNAE 2009 (8411)
- Duración do contrato: do 01/07/2026 ao 31/03/2027
- Retribucións brutas mensuais: 2.104,88 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

15. B) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: concurso-oposición conforme ao apartado E), xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

15. C) FUNCIÓNS E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

Conforme o sinalado noutros apartados e tendo en conta o indicado con anterioridade, as persoas traballadoras que se contraten formarán parte encargaranse de desenvolver a actuación denominada "Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo " que inclúe distintas tarefas descritas na memoria que serviu de base á solicitude da subvención (Anexo II).

En xeral trátase de manter limpos e en bo estado todos os espazos públicos mediante a realización de tratamentos silvícolas e a xestión da biomasa vexetal existente nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa. Os traballos serán realizados de xeito mecanizado e manual, empregando as ferramentas axeitadas e actuando especialmente naquelas áreas mais abandonadas ou deterioradas, debido ao perigo que supoñen para a poboación polo risco de incendios. Deste xeito, actuarase preventivamente contra incendios forestais e revalorizaranse os espazos públicos do municipio.

15. D) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35 do citado Decreto Legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 2 ou equivalente (celga 3 ou equivalente no caso da praza de enxeñeiro/a forestal, coordinador/a Rural Activo).

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e cualificará ao aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

15. E) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO-OPOSICIÓN

E.1- PRAZAS DE PEÓNS/PEOAS FORESTAIS (5)

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións ou puntuacións:

✓ **Experiencia (puntuación máxima: 4,00 puntos):**

Experiencia profesional en traballos relacionados directa ou indirectamente coas funcións das prazas ^(*):

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 pto/mes ata un máximo de 1,00 punto
- Servizos prestados na administración, empresas ou organismos públicos: 0,10 pto/mes, ata un máximo de 3,00 puntos

(*) Valorarase a experiencia acreditada en calquera posto de traballo ou ocupación relacionados coas tarefas a desenvolver e/ou encadrado nalguna familia profesional afín e máis concretamente na familia profesional agraria.

✓ **Formación (puntuación máxima: 1,00 punto)**

Valorase a realización de cursos directamente relacionados coas funcións da praza e ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

- Cursos a partir de 20 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 0,50 puntos
- Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 0,50 puntos

✓ **Exercicio práctico: poderá ter unha puntuación máxima de 5,00 puntos.**

Por tratarse de prazas correspondentes a persoal de oficios, este **exercicio práctico** consistirá nunha proba práctica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir. Para o exercicio práctico, disporase dun período máximo de 30 minutos.

Neste proba, que ten carácter eliminatorio, valorarase o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver. Poderá ter unha puntuación máxima de 5,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 2,50 puntos)

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis persoas candidatas acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar prevalecerá aquel/a candidato/a que acade unha maior puntuación no exercicio práctico. Logo terase en conta a aquela persoa candidata que obteña a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza na administración, empresas ou organismos públicos e logo o/a candidato/a que acade a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza en servizos prestados en empresas privadas.





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

E.2- PRAZA XEFE/A DE BRIGADA (1)

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións e/ou puntuacións:

✓Experiencia:

Experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza:

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.
- Servizos prestados noutras administracións públicas: 0,10 ptos/mes, ata máximo 1,00 punto.
- Servizos prestados en concellos: 0,20 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.

A puntuación máxima do apartado de experiencia será de 3,00 puntos

✓Formación:

Cursos directamente relacionados coas funcións da praza

- Cursos a partir de 20 horas: 0,10 puntos por curso ata un máximo de 1,00 punto.
- Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 punto.

A puntuación máxima do apartado de formación será de 2,00 puntos

✓**Proba/s ou exercicio/s práctico/s.** De acordo co indicado no apartado 10, realizaranse 2 probas prácticas eliminatorias relacionada/s coas funcións obxecto da praza a cubrir:

Proba práctica 1: esta proba, que ten carácter eliminatorio, consistirá en valorar o coñecemento técnico necesario para o manexo da ferramenta, a maquinaria e outros medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver. Poderá ter unha puntuación máxima de 2,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 1,00 punto).

Proba práctica 2: proba específica, que ten tamén carácter eliminatorio, que posibilitará valorar os coñecementos específicos na materia e consistirá nun **test de avaliación** cun total de 20 preguntas sobre os contidos do temario que se achega como Anexo a estas bases. Cada pregunta terá ata 3 respostas posibles, sendo soamente unha delas a correcta. Para superar a proba práctica, que ten carácter eliminatorio, será necesario cando menos, responder correctamente un total de 10 preguntas (0,50 puntos). A puntuación máxima (3,00 puntos) acadarase respondendo correctamente as 20 preguntas. Noutro caso, acadarase unha puntuación proporcional ao número de respostas acertadas, conforme a táboa que se insire a continuación:

Test de avaliación

Número de respostas correctas	Puntuación acadada na proba
10	0,50 puntos
11	0,75 puntos
12	1,00 puntos
13	1,25 puntos
14	1,50 puntos
15	1,75 puntos
16	2,00 puntos
17	2,25 puntos
18	2,50 puntos



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

19	2,75 puntos
20	3,00 puntos

A persoa candidata poderá acadar unha puntuación máxima de 3,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 0,50 puntos que se acadará con dez respostas correctas).

No conxunto de ambas as dúas probas prácticas, as persoas candidatas poderán acadar unha puntuación máxima de 5,00 puntos, requiríndose unha puntuación mínima de 1,50 puntos.

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis candidatos/as acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a que obteña a maior puntuación na proba práctica específica ou test de avaliación (proba práctica 2). Logo prevalecerá o/a candidato/a que acade a maior puntuación no conxunto das dúas probas prácticas. En segundo lugar prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza e en terceiro lugar, de persistir a igualdade, prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación por servizos prestados en concellos. Por último, se aínda persiste o empate, seleccionárase ao/á candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de formación ou cursos directamente relacionados coas funcións da praza en cuestión.

Abegondo, 23 de xuño de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ANEXO

PROGRAMA RURAL ACTIVO 2026

Temario para a selección de 1 enxeñeiro/a de montes (coordinador/a da actuación “Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos do Concello de Abegondo”)

Tema 1. A lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74, do 17 de abril de 2007)

Tema 2. O plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2025)

Tema 3. A orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco especial de incendio forestal (DOG núm. 79, do 24 de abril de 2007).

Tema 4. As redes secundarias e terciarias de faixas de xestión de biomasa recollidas na lei 7/2012 de montes de Galicia.

Tema 5. A extinción de incendios forestais: lume forestal e o seu comportamento, técnicas de extinción, retardantes, medios, vehículos e maquinaria na extinción de incendios. Dirección de extinción.

Tema 6. Seguridade e prevención de riscos no ámbito da prevención e defensa contra incendios forestais

Tema 7. Normas e protocolos de seguridade. Equipos de protección. Equipos de protección individual

Tema 8. Os sistemas de comunicación e transmisión de datos dun lume forestal. Distritos forestais.

Tema 9. Coñecemento do municipio de Abegondo: poboación e o seu territorio

Tema 10. A Reserva de biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: poboación, territorio e liñas de actuación.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.